

Dialectoloxía e dialectos

A Dialectoloxía é a parte da Lingüística que describe, estuda e clasifica os dialectos dunha lingua. Un dialecto é a variedade lingüística que se fala nun espazo xeográfico: o dialecto galego de Santa Comba (A Coruña) caracterízase polo **seseo**, a **gheada**, por usar formas coma *meu irmán*, *miña írmán*, *o chan*, *ela colliu*, *ela partiu e o camiño*. O dialecto de Noia (A Coruña) presenta trazos coma *meu irmán*, *miña irmán*, *o chan e camiño*, comúns co dialecto de Santa Comba, e trazos distintos coma *ela colleu e ela parteu*. Formas coma *meu irmán*, *partiu ou camiño* coinciden coas da lingua estándar; formas coma *miña irmán e colliu*, pola contra, diverxen. Non obstante, en tanto que podemos asociar *meu irmán* e *camiño* a puntos xeográficos, estas formas cárganse de valor dialectal: fronte ao *meu irmán* de Santa Comba, en Friol (Lugo) dise *meu irmao*; fronte ao *camiño* de Santa Comba e Friol, en Taramundi (Asturias) dise *camín*.

Chamamos trazo dialectal a calquera feito lingüístico vencellado a un punto xeográfico.

Os trazos dialectais

Os trazos dialectais pódense clasificar segundo a compoñente da gramática en que se producen, de forma que existen trazos **fonolóxicos**, **morfolóxicos e sintácticos**. A variación dialectal afecta tamén ao vocabulario, dando lugar ao conxunto de trazos **léxicos**.

O Trazos dialectais fonolóxicos

Os dialectos galegos difiren entre si, ben nos repertorios de fonos e fonemas con que contan, ben en como os usan. Estas diverxencias producen variación dialectal fonolóxica. Os trazos dialectais fonolóxicos clasifícanse segundo operen no ámbito das vogais ou no das consoantes.

3.1 As diferenzas dialectais no ámbito das vogais

Todos os dialectos galegos contan con sete fonemas vocálicos. Non obstante, non todos os dialectos usan os mesmos fonemas vocálicos nas mesmas palabras.

Durante a evolución do galego, algunhas consoantes puideron modificar as vogais con que estaban en contacto. Como algúns destes cambios só se produciron en áreas concretas do territorio, naceron diferenzas dialectais, entre as que destacan:

- Unha consoante nasal na coda da sílaba provocou que a vogal /ɛ/ nalgúns substantivos e adxectivos cambiase a /e/ no occidente de Galicia: d/e/nte vs. d/ɛ/nte, v/e/nto vs. v/ɛ/nto.
- A vogal /o/ final de palabra provocou nalgúns substantivos e adxectivos do occidente de Galicia que as vogais /ɛ/ e /ɔ/ cambiansen a /e/ e /o/, respectivamente: m/ɛ/-do vs. m/e/do, p/ɔ/sto vs. p/o/sto.
- A vogal /a/ final de palabra provocou que as vogais medias pechadas dalgúns substantivos e pronomes mudasen no occidente a vogal media pechada tónica por unha media aberta: b/o/ca vs. b/ɔ/ca, p/e/ga vs. p/ɛ/ga.

3.2 As diferenzas dialectais no ámbito das consoantes



Fronte ao que sucede coas vogais, as diferentes variedades dialectais do galego teñen repertorios de consoantes distintos, isto é, unhas variedades presentan consoantes das que outras carecen; ou tendo repertorios semellantes, poden usalas de xeitos distintos. Así, un fenómeno que caracteriza os dialectos galegos occidentais é a ausencia dun fonema oclusivo velar sonoro /g/ e a presenza no seu lugar dun fonema fricativo faringal /h/ que, segundo os dialectos e os sociolectos, pode alternar cun fonema fricativo velar /x/ ou cun fonema fricativo glotal /h/. Este fenómeno coñécese como **gheada**.

Outro fenómeno característico do occidente das provincias da Coruña e Pontevedra e do suroeste de Pontevedra é a ausencia nos seus repertorios do fonema fricativo dental xordo /θ/ e a presenza no seu lugar do fonema fricativo alveolar /s/. Este fenómeno coñécese como **seseo**.

Cando, o fonema /θ/ non aparece nin no ataque da sílaba nin na coda, fálanse de seseo total: /rasa/ 'raza', /bes/ 'vez'. Nalgúns dialectos do centro occidente da Coruña, situados entre os dialectos totalmente seseantes e os dialectos non seseantes, aparece /θ/ nos ataques, pero non nas codas. Este seseo denomínase seseo posnuclear ou implusivo: ao singular /des/ 'dez' correspondente o plural /deθes/.



O TRAZOS DIALECTAIS MORFOLÓXICOS

Os trazos dialectais morfolóxicos poden clasificarse segundo afecten á morfoloxía nominal (substantivos, adxectivos, pronomes, artigos) ou á morfoloxía verbal.

1.1 Variación na morfoloxía nominal

Un trazo da morfoloxía nominal, o plural das palabras agudas rematadas en -n, delimita os tres grandes bloques dialectais do galego (*lambóns/lambós/lambois*). Outra das variacións diatópicas máis salientables na morfoloxía nominal prodúcese polos distintos resultados da evolución das terminacións latinas -anum e -anam en palabras coma planum 'chao' e maneana 'mañá':

-ANUM

Occidente: -án > irmán, chan, verán

Centro e oriente: -ao > irmao, chao, verao

-ANAM

Occidente: -án > irmán, mañán, mazán

Centro e oriente: -á > irmá, mañá, mazá

As terminacións latinas -enum/-enam, de palabras coma plenum 'cheo' / plenam 'chea' e -inum/-inam, de palabras coma caminum 'camino' / farinam 'fariña', tamén tiveron evolucións diferentes segundo a área xeográfica:

-ENUM -ENAM

Galego de Asturias: -én, -ía > chen, chía

No resto: -eo, -ea > cheo, chea

-INUM -INAM

Occidente e centro: -iño, -iña > sobriño, sobriña


Galego de Asturias: -ín, -ía > sobrín, sobria

Resto do oriente: -ín, -iña > sobrín, sobriña

A variación diatópica da lingua galega afecta tamén á forma e á función dos pronomes. Vexamos algúns exemplos:


- A maioría dos dialectos galegos presentan unha forma te para a 2.a persoa sing, dos pronomes átonos con función de OD, vinte onte, e outra forma che con función de OI, deiche diñeiro. Non obstante, no occidente da provincia da Coruña emprégase che coas dúas funcións: Vinche onte e deiche diñeiro. Este fenómeno coñécese como cheísmo.

No sudoeste da provincia de Pontevedra e no sueste do dominio de fala galega (entre Ourense e Zamora), emprégase te nas dúas funcións: Vinte onte e Deite diñeiro. Este fenómeno coñécese como teísmo.



Distribución do teísmo e do cheísmo.

Distribución de ti/tu e de llo/llelo.



En Lugo e na metade oriental da Coruña existe unha forma lles para o pronome dativo de terceira persoa plural; o resto do territorio emprega maioritariamente lle, a mesma forma ca no singular. Nesa zona que emprega maioritariamente lles, aparecen as formas contractas llelo llela cando o pronome dativo vai seguido dun acusativo de terceira persoa (o, a, os, as).

Na metade nororiental de Galicia descoñécense as formas amalgamadas connosco e convosco, polo que se emprega no seu canto con + nós/nosoutros, -as, con + \ós/ vosoutros, -as. No resto de Galicia, a serie está completa: fala comigo /fala connosco, fala contigo /fala convosco.

A metade occidental de Galicia presenta ti como forma do pronome suxeito de 2.a persoa singular, mentres que a metade oriental emprega a forma tu.

- A zona central de Ourense e o sueste de Lugo presentan *il ~ iles* como forma do pronome tónico da 3.a persoa; o resto de Galicia usa *el – eles*.

1.2 Variación na morfoloxía verbal

A variación na forma das vogais temáticas dos verbos da segunda e da terceira conxugacións ocasiona diferenzas dialectais salientables:

Occidente: vogal temática /e/ na 2.a persoa sing, do Ind. Pto. dos verbos regulares da segunda conxugación: *collestes ~ colleches*; no centro e oriente, vogal temática /i/: *colliches*.

Noroccidente da provincia da Coruña: vogal temática /i/ na 3.a persoa sing, do Ind. Pto. dos verbos regulares da segunda e terceira conxugacións: *comiu e partiu*; norte de Pontevedra, sur, centro e norte da Coruña e norte de Lugo, vogal temática /e/: *comeu e parteu*; no resto do territorio, /e/ na CII, *comeu e /i/ na CIII, partiu*.


Os verbos irregulares tamén presentan variación morfolóxica dialectal. Por exemplo, o verbo *oír* pode conxugarse de acordo con varios modelos en cada zona xeográfica:


- Occidente da Coruña: ouzo, oes, ouza, oír~ouír.
- Asturias: ozco-uzco ou oigo, oes, ouguir.
- Sur de Ourense e de Pontevedra: ouvo, ouves, ouva, ouvir.
- Resto de Galicia: oio, oes, oía, oír.

TRAZOS DIALECTAIS NO ÁMBITO DO LÉXICO

As diferenzas léxicas dialectais son xeralmente as que máis chaman a atención da xente. De feito, cando alguén pregunta por diferenzas entre as falas, xorden rapidamente exemplos de tipo léxico: Nós dicimos «grelas», pero os de aí arriba din «cimós».


Con todo, os estudos realizados ata hoxe non permiten establecer en Galicia áreas xeográficas léxicas, conxuntos de dialectos que se poidan agrupar claramente porque comparten unha serie de trazos léxicos ben definida. Isto débese a que cada palabra ten a súa historia: as palabras voan dun lugar a outro con máis facilidade ca as estruturas lingüísticas, pois circulan co comercio, no intercambio de obxectos, etc.





No cadro da esquerda, na marxe, apréciase que as variantes dialectais non coinciden na súa distribución: parte dos falantes que din irmao, os que viven no centro de Galicia, teñen pantalós como plural de pantalón; os falantes que habitan a zona oriental de Galicia e as zonas galegofalantes do occidente de Asturias, León e Zamora tamén din irmao, pero presentan un plural pantalois. Isto débese a que os trazos dialectais non se distribúen agrupados e a que non existen fronteiras nítidas entre os dialectos: cada isoglosa ten o seu propio trazado que pode coincidir ou non co trazado doutras.


Por esta razón, as agrupacións de variedades xeográficas e os seus contornos establécense dun xeito convencional tomando como base determinadas isoglosas de formas fonéticas e morfolóxicas.



Na dialectoloxía galega os bloques son as agrupacións dialectais máis extensas e abranxentes. Os límites dos bloques dialectais galegos son as isoglosas trazadas polas diferentes formas do plural das palabras rematadas en -n (trazo (a) do cadro). Como nos territorios de fala galega este plural se realiza de tres formas diferentes, existen tres bloques dialectais: o occidental (plural pantalóns), o central (pantalós) e o oriental (pantalois).

Non obstante, estes bloques son entidades lingüísticamente heteroxéneas, pois á súa vez conteñen variación xeográfica no seu interior; esta variación pode ser estruturada creando novas subdivisións internas en cada bloque, as áreas, territorios que comparten trazos que non son xerais a todos os dialectos do bloque, como vemos na

táboa inferior esquerda. Estas áreas lingüísticas poden ser fragmentadas en territorios máis pequenos chamados subáreas, e así sucesivamente. Canto menores sexan os territorios delimitados, maior uniformidade lingüística presentarán, pois unha subárea presenta moitos trazos comúns a todas as falas do bloque e da área de que forma parte.



BLOQUES E ÁREAS DIALECTAIS DO GALEGO

Os bloques e áreas en que se divide o dominio galego están delimitados con trazos fonéticos e morfolóxicos.

2.1 Bloque occidental

Plural pantalóns. Outros trazos: *gheada*, terminación -án para masc. e fem. (o irmán ~ a irmán), vogal temática e en *ti colleches ~ ti collestes*. Neste bloque distingüese tres áreas:

- **área fisterrá:** *seseo total, cheísmo, ditongo ui* (muito), *ela colliu e ela partiu*, terminación -stes para a 2.a persoa sing, do Ind. Pto.: (ti collestes).
- **área bergantiñá:** *sen seseo total, sen cheísmo, ditongo oi* (moito), *ela colliu e ela partiu*, terminación -ches para a 2.a persoa sing, do Ind. Pto.: (ti colleches).
- **área pontevedresa:** cantábamos (fronte a cantábamos), estar a facer (fronte a estar facendo), sen cheísmo. Presenta unha subárea ao norte con formas tipo comeu e parteu e os demostrativos esto ~ eso ~ aquilo; outra ao sur con formas do tipo comeu e partiu e os demostrativos isto ~ iso ~ aquilo.

2.2 Bloque central

Plural pantalós. Outros trazos: ditongo oi (moito), sen seseo, con *gheada* no occidente, terminación -ao (irmao, chao) e -a (irmá, maza), vogal temática i na 2.a persoa sing, do Ind. Pto. dos verbos da segunda conxugación: (colliches). Ten tamén tres áreas:

- **área mindoniense:** cant[e]mos, coll[e,]mos, part[e]mos no Subx. Pte., marca pronominal i para a 3.a persoa do acusativo (síntoi 'síntoo', cántai 'cántaa'); Subx. Pte. esteña (de estar) e seña (de ser).
- **área central de transición:** cantemos ~ collamos ~ partamos no Subx. Pte., el e eles como pronome tónico da 3.a persoa mase.
- **área lucuauriense:** il e iles como pronome tónico de 3.a persoa masc.; iste ~ ise ~ aquil como masc, dos demostrativos; turce, culle, bibe, mite como 2.a persoa sing, do Imp. dos verbos da segunda conxugación.

2.3 Bloque oriental

Plural pantalois. Outros trazos: ditongo ui ou vogal u (muito ~ muto) *cuatro e cuando* con u conservado; terminación -in en *camín, sobrín*; -is na 2.a persoa de plural dos verbos (*cantais, coméis*). Divídese en catro áreas:

- **área asturiana:** terminacións -ius, -ias (*sobrius ~ sobrias 'sobrinos, -iñas'*); conservación de -í- intervocálico (*avolo 'avó', moler 'moer'*); indefinidos *úa, algúa e ningún*; demostrativos *estos ~ esos ~ aqueles*; posesivos *meu ~ tou ~ sou*.
- **área ancaresa:** vogais nasais en *irmão ~ irmã ~ cadêa*, vogal temática i nos pretéritos dos verbos da segunda conxugación (*colliu, collira, collise*), ausencia de -n na 1.a persoa sing, do Ind. Pto. dos verbos (*dixe, colli*).
- **área oriental-central:** vogal u nas formas *muito ~ muta ~ mutio*, conservación de u en *cuatro ~ cuando*, forma o/a do pronome acusativo 3.a persoa tras verbos rematados en vogal deixouo, terminación -is en *cantais*, terminación -iños ~ -iñas, sen vogais nasais, presenza de -n na 1.a persoa sing, do Ind. Pto. (*collín, dixen, partin*).
- **área zamorana:** ditongos *oí ~ ou* (*noite ~ noute*), vogal u en *truta ~ muto*, teísmo (*non to digo*), vogal temática i nos pretéritos dos verbos da segunda conxugación (*collise*), forma o/a do pronome acusativo de 3.a persoa tras verbos rematados en ditongo (*seio no canto de seino*).